



**BANDO ALLEAMENTO DIRECTO DE MADEIRA (LEÑA)**

José Antonio Lorenzo Rodríguez, o Alcalde, para xeral coñecemento da veciñanza fai saber:

Que D. Carlos Abril Candeira, Primeiro Tenente Alcalde do Concello de Mondariz Balneario, solicitou a realización dun estudo sobre o estado das árbores de varios espazos verdes do concello a Estación Fitopatolóxica Areeiro pertencente a Deputación provincial de Pontevedra.

O persoal da Deputación levou a cabo unha avaliación dos plátanos de sombra do Paseo a carón do río Tea (Avda. Enrique Peinador) e doutros exemplares no Xardín do Gran Hotel e emitiu un informe que se pode consultar na páxina web do Concello.

No devandito informe figuraban un total de 25 pés clasificados como Grupo 1, que presentaban un perigo aparente de poder causar danos a curto prazo e que polo tanto debían ser eliminados o antes posible.

Durante o mes de decembro o persoal do Concello realizou a corta deses 25 pés. A madeira da corta foi depositada na parcela do Hotel Avelino.

O Concello está adherido ao Pacto das alcaldías para o clima e enerxía e poñendo o foco na economía circular e na sostibilidade ambiental, co obxectivo de reducir os residuos e aumentar a re-utilización e reciclaxe destes propónse o reparto directo de dita madeira entre a veciñanza.

Atendendo ó exposto, esta Alcaldía e por medio deste bando, vén de resolver:

1º.- Que a madeira resultante da corta dos 25 pés de plátanos propiedade do Concello de Mondariz Balneario poida ser empregada polos residentes empadroados no concello para o seu autoconsumo. Só se admitirá unha solicitude por unidade familiar e non se permitirá a súa venda nin cesión a terceiros e tampouco calquera uso que non sexa o aproveitamento directo no domicilio do empadramento no que se realiza a solicitude .

2º.- A adxudicación da leña farase do seguinte xeito:

Atendendo ao carácter social deste aproveitamento, priorizaran-se as solicitudes daquelas unidades familiares que poidan estar en situación de pobreza enerxética acollidas a programas de axuda nos Servizos Sociais do Concello.

As restantes solicitudes e ata o fin de existencias serán resoltas por rigoroso orde de presentación no Rexistro Xeral do Concello.

3º.- A cantidade máxima a adxudicar será de tres metros cúbicos. A leña deberá ser retirada por conta do solicitante.





## CELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

4º.- Os veciños interesados poderán presentar a solicitude normalizada no rexistro do Concello, que poderá recollerse nas oficinas do Concello ou descargarse da páxina web deste, dende o día seguinte ao de publicación deste bando.

5º.- As solicitudes serán resoltas semanalmente, notificándose como máximo nos cinco días seguintes a súa resolución. A entrega será realizada polo persoal do Concello designado aos efectos, nunha data a confirmar por este ao solicitante.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Mondariz Balneario, 12 de xaneiro do 2021

ALCALDE

Asinado dixitalmente

